



***Manuel Enríquez Dieguez proclámase  
Campión Provincial de Ourense de Percorridos de Caza***

O pasado 24 de Xuño de 2007 tiña lugar no Campo de Tiro de Xares en A Veiga, o Campionato Provincial de Ourense de Percorridos de Caza, organizado pola Sociedade de Cazadores de Xares.

Na proba, disputada a 100 pratos, participaron un total de 41 tiradores, resultando vencedor da proba o pontevedrés Juan Carlos Costas Pereira, que conseguiu escachar 69 pratos. O segundo clasificado foi David Seoane Viaño, de A Coruña, que escachou 66 pratos, os mesmos que o tamén coruñés Antonio Iglesias Otero que rematou na terceira posición. O primeiro clasificado ourensán e polo tanto Campión Provincial foi Manuel Enríquez Dieguez, que escachou 61 pratos. Na categoría de veteranos foi José Costas Iglesias, con 43 pratos, o primeiro clasificado da provincia.

Así pois, a clasificación final absoluta quedou como segue:

**Xeral Absoluta**

| Pos. | Tirador                    | Provincia | Pratos escachados |
|------|----------------------------|-----------|-------------------|
| 1º   | Juan Carlos Costas Pereira | PO        | 69                |
| 2º   | David Seoane Viaño         | CO        | 66                |
| 3º   | Antonio Iglesias Otero     | CO        | 66                |
| 4º   | Javier Suárez Carrera      | PO        | 63                |
| 5º   | Manuel Regueiro Castro     |           | 63                |
| 6º   | Manuel Enríquez Diéguez    | OU        | 61                |
| 7º   | Jorge Vázquez Iglesias     | OU        | 58                |
| 8º   | Gabino Villamor Vázquez    | PO        | 57                |
| 9º   | José Luis Sánchez Mancebo  | CO        | 57                |
| 10º  | Juan Sánchez Mancebo       | CO        | 57                |

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)